

**VI. ANUNCIOS****A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****PARLAMENTO DE GALICIA**

*RESOLUCIÓN do 14 de xaneiro de 2014, da Presidencia do Parlamento de Galicia, pola que se anuncia a licitación da contratación para a subministración de licenzas para a actualización tecnolóxica do software dos servidores, backoffice e postos de escritorio da administración do Parlamento de Galicia.*

En cumprimento do disposto no artigo 142 do texto refundido da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, publícase o seguinte anuncio de licitación da contratación administrativa para a subministración de licenzas para a actualización tecnolóxica do software dos servidores, backoffice e postos de escritorio da Administración do Parlamento de Galicia.

1. Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Parlamento de Galicia.

b) Dependencia que tramita o expediente: Dirección de Recursos Humanos e Réxime Interior.

c) Obtención de documentación e información.

1) Dependencia: Parlamento de Galicia (dispoñible no BOPG núm. 220, do 3 de xaneiro de 2014 e na páxina [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es)).

2) Enderezo: r/ Hórreo, 63.

3) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15701.

4) Teléfono: 981 55 13 00.

5) Telefax: 981 55 14 09.

6) Correo electrónico: [contratacion@parlamentodegalicia.es](mailto:contratacion@parlamentodegalicia.es)

7) Enderezo da internet do perfil do contratante: [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es)



8) Data límite de obtención de documentación e información: 15 días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

d) Número de expediente: STI-PA-5/2013.

2. Obxecto do contrato.

a) Tipo: subministración.

b) Descrición: subministración de licenzas para a actualización tecnolóxica do software dos servidores, backoffice e postos de escritorio.

c) División por lotes e número de lotes: non hai división en lotes.

d) Lugar de execución:

1) Enderezo: r/ Hórreo, 63.

2) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15701.

e) Prazo de execución/entrega: duración do contrato, ata 30 de abril de 2016/tres días desde a formalización do contrato para entrega da subministración.

f) Admisión de prórroga: non procede.

g) CPV (Referencia de nomenclatura): 48000000-8 Paquetes de software e sistemas de información.

3. Tramitación e procedemento.

a) Tramitación: ordinaria.

b) Procedemento: aberto.

c) Criterios de adxudicación: criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas: prezo: de 0 a 52 puntos; criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor: valor técnico da oferta: de 0 a 48 puntos.

4. Valor estimado do contrato: 125.048,16 € (sen IVE).



5. Orzamento base de licitación.

a) Importe neto: 125.048,16 €. Importe Total: 151.308,27 €.

6. Garantías.

a) Provisional: non se exige.

b) Definitiva: 5 % do prezo de adxudicación.

c) Complementaria: no caso de que o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa conforme os criterios de valoración, estando en baixa temeraria, xustifique debidamente o importe ofertado, terá que constituír unha garantía polo importe do 5 % do prezo de adxudicación, IVE excluído.

7. Requisitos específicos do contratista.

Os dispostos nas cláusulas quinta e sexta do prego de cláusulas administrativas particulares e nas correspondentes do prego de prescricións técnicas.

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: 15 días naturais a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG. Se o último día da presentación fose un día festivo, ampliarase o prazo ata o día hábil seguinte.

b) Lugar de presentación:

1. Dependencia: Rexistro do Parlamento de Galicia.

2. Enderezo: r/ Hórreo, 63.

3. Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15701.

4. Correo electrónico: [contratacion@parlamentodegalicia.es](mailto:contratacion@parlamentodegalicia.es)

c) Admisión de variantes: non se admiten.

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a manter a súa oferta: ata tres meses contados desde a presentación.



9. Apertura das ofertas.

a) Descrición: dúas sesións públicas de apertura de ofertas, unha para sobres B e outra para sobres C.

b) Enderezo: r/ Hórreo, 63.

c) Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15701.

d) Data e hora: no día e na hora que oportunamente se lles comunicará aos licitadores e se publicará no perfil do contratante da páxina web do Parlamento de Galicia.

10. Gastos de publicidade: serán por conta do adxudicatario.

11. Outras informacións: nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas publicados no BOPG núm. 220, do 3 de xaneiro de 2014 e na páxina [www.parlamentodegalicia.es](http://www.parlamentodegalicia.es)).

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2014

Pilar Rojo Noguera  
Presidenta do Parlamento de Galicia

